

Estimadas familias:

Dende o Equipo directivo, queremos darlles a benvida a un novo curso escolar, en especial, ás que chegan ao centro por primeira vez. Aproveitamos esta mensaxe para poñer no seu coñecemento algunhas cuestións de interese para este curso escolar 2022/2023:

## **1.- CALENDARIO ESCOLAR.**

### **ACTIVIDADES LECTIVAS.**

As actividades lectivas realizaranse do día 9 de setembro de 2022 ao 21 de xuño de 2023, ambos inclusive.

### **AVALIACIÓNS.**

1ª AVALIACIÓN. Ata o martes 29 de novembro de 2022.

2ª AVALIACIÓN. Ata o martes 14 de marzo de 2023.

3ª AVALIACIÓN. Ata o venres 2 de xuño de 2023.

AVALIACIÓN FINAL ESO. Ata o mércores 21 de xuño de 2023.

A actividade lectiva non rematará ata o 21 de xuño.

### **VACACIÓNS ESCOLARES.**

Nadal: desde o día 23 de decembro de 2022 ata o día 6 de xaneiro de 2023, ambos inclusive.

Entroido: os días 20, 21 e 22 de febreiro de 2023.

Semana Santa: desde o día 3 ata o día 10 de abril de 2023, ambos inclusive.

**DÍAS NON LECTIVOS POLA CONSELLERÍA DE CULTURA EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADE.**

Día do Ensino: Luns 31 de outubro de 2022.

**DÍAS NON LECTIVOS DE CENTRO PENDENTES DE APROBACIÓN.**

Luns 5 de decembro de 2022.

## **2.- COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS.**

Co centro educativo:

Teléfono do centro: 881960480

Correo electrónico: [ies.carral@edu.xunta.gal](mailto:ies.carral@edu.xunta.gal)

Con Orientación ou Equipo Directivo: solicitando cita previa.

Con administración: a diario de 9:00 a 13:00 horas.

Co profesorado e titor/a do seu fillo/a

Aplicación abalar móbil (sempre que o titor/a, profesor/a a teña habilitada)

Correo electrónico do profesor/a indicado na web

Hora de atendimento ás familias do titor/a indicado na web ou do profesor/a. Solicitarase a cita presencial previamente por abalar, por teléfono ou por correo electrónico.

**Xustificación de faltas de asistencia:** por abalar, por correo electrónico ou cubrindo o impreso de faltas que pode descargar na web do centro

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iescarral/system/files/FALTAS%20ASISTENCIA%20ALUMNADO.pdf>

## **PRESENTACIÓNS ÁS FAMILIAS.**

Director e Xefa de Estudos, xunto co/a titor/a, recibirán ás familias do alumnado para informalas sobre a organización do curso o LUNS 10 DE OUTUBRO ás 18:15 horas. Cada familia acudirá á aula do seu fillo/a. Na medida do posible, que acuda unha persoa por alumno/a.

Lembrámoslles tamén que poden acceder a toda a información actualizada do Centro a través da páxina web (<http://www.edu.xunta.gal/centros/iescarral>).

### **3.- PROTOCOLO COVID.**

Conforme ás Instrucións conxuntas do 5 de setembro de 2022 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade e da Consellería de Sanidade ao respecto das recomendacións xerais para a xestión da Covid-19 no ámbito educativo, durante o curso 2022-2023 non haberá un protocolo específico. Non obstante, será preciso observar unha serie de recomendacións:

- Ventilación de espazos. Realizaranse tarefas de ventilación cruzada frecuente nas instalacións.
- Hixiene de mans e hixiene respiratoria. Promoverase o lavado de mans regular. De igual xeito deberase gardar unha axeitada hixiene respiratoria ao tusir ou esberrar.
- Uso de máscara. A máscara utilizarase no transporte escolar de acordo ao previsto para o transporte con carácter xeral.

Actuación ante síntomas compatibles e casos positivos de Covid-19. Con carácter xeral, se unha persoa presenta síntomas compatibles coa Covid-19 non precisa illamento pero deberá utilizar máscara e manter una hixiene respiratoria e de mans axeitada. Se a sintomatoloxía lle impide asistir con normalidade ao centro, non acudirá, como no caso de calquera outra enfermidade común.

Este conxunto de recomendacións serán obxecto de revisión continua en función da evolución do risco sanitario e das decisións que adopten as autoridades sanitarias autonómicas e estatais.